

O mar é vida

A comercialización e a industria

Arredor do mar desenvólvense numerosas actividades de comercialización, transformación e industrias complementarias que dan traballo a moitas persoas e xeran riqueza nas localidades costeiras.



Lonxa de Ribeira

A comercialización en Galicia:

- 66 portos con lonxa
- 700 maioristas-exportadores
- 446 almacéns frigoríficos
- 71 centros de expedición
- 140 cetáreas
- e miles de minoristas, peixeiras, comerciantes, vendedores...



Depuradora

Cetárea



En Galicia hai 97 portos pesqueiros nos que se descargan 500.000 tn de pesca, o 0,78% da produción da UE e un 60% do Estado, cunha facturación anual de 3.000 millóns de euros



O PORTO DE VIGO é o porto pesqueiro máis importante de Galicia e un dos máis importantes do mundo. Nel desembarcáanse anualmente 21.486 tn de pesca, cun valor de 64.836.305 euros (ano 2000)



Fábrica de xeo



Descarga de atún. A Poboa



Asteleiro. Burela



Fábrica de envases para peixe



Fábrica de cordas para batea

En Galicia máis de 50 actividades económicas dependen do mar:

- Pesca, marisqueo, servizos de lonxas, confrarías, comercializadores, transportistas, estibadores...
- Subministradores de xeo, sal, embalaxes, redes e aperellos, ferramentas, combustibles...
- Construción, reparación e mantemento de embarcacións, subministradores de materiais, alimentos, combustibles...
- Empresas de acuicultura e os seus subministradores.
- Empresas de conxelado, cocedeiros, conservas, fariñas, pensos e os seus subministradores.
- Sector hosteleiro e turístico.



Redeiras. Cambados. Máis de 1000 persoas adicanse á reparación de redes en Galicia

Máis do 80% das empresas de toda Galicia están na costa e a maioría depende das actividades pesqueiras.



Secadeiro tradicional de congro. Muxía



Secadeiro de bacalao. Vilaxoán



Fábrica de escabeches. A Coruña



Empresa de conxelados



Fábrica de conservas. O Grove